

CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

Marcos Veiga Rodríguez, secretario accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

CERTIFICO:

Que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 3 de setembro de 2018, adoptouse o acordo seguinte:

"Punto 2.- Aprobación, se procede, dunha subvención directa por razóns de interese público e social ao Club de Regatas de Perillo para a asistencia da Traíña feminina á Regata da Concha en Donostia/San Sebastián

"Exposición de motivos:

1º.- Como de todos é coñecido o noso municipio conta con dous clubs de remo de gran tradición mariñeira e deportiva sendo un deles o Club de Regatas de Perillo.

Este club presenta escrito con nº. de rexistro de entrada 2018015600 solicitando a colaboración do Concello para poder levar adiante a participación da **traíña feminina** na regata clasificadora da **Bandeira da Concha** que se desenvolverá os días 30 e 31 de agosto. Serán 18 remeiras, o adestrador e un directivo as persoas que viaxarán a San Sebastián.

2º.- De todos é sabido que o noso Concello está a prestar desde hai moitos anos aos clubs de remo un importantísimo apoio económico e loxístico, xa que contan con subvencións municipais para o desenvolvemento de actividades deportivas, adquisición de equipamento deportivo, así como coa cesión de uso de instalacións para gardar equipamento e material deportivo tanto na localidade de Perillo como en Mera.

Ademais acóllense todos os anos á convocatoria anual de subvencións que fai o noso Concello e que lles serve para afrontar unha parte dos elevados custos que lles supón o mantemento da importante actividade que desenvolven ao longo do ano coas escolas de remo e coa participación en diferentes regatas.


Aínda así, a participación das remeiras na regata clasificadora da Bandeira de Concha, suporalle ao Club de Regatas de Perillo un esforzo económico extra, e de non contar coa colaboración do Concello, podería supor a imposibilidade para as nosas remeiras de participar na prestixiosa regata donostiara.

3º.- As regatas da Concha celébranse desde o ano 1879 e están consideradas como as regatas máis importantes do mundo das traíñeiras. É sen dúbida o evento deportivo máis importante en Euskadi, ningún outro evento ou espectáculo deportivo celebrado en terras ou augas vascas ten a capacidade de atraer a máis de cen mil persoas a presenciar en directo a competición, a pesares das cada vez máis sofisticadas retransmisións televisivas.

A esta gran capacidade de convocatoria e ao impresionante impacto social e mediático que este evento ten en todo o cantábrico, Galicia e tamén en gran parte do estado, non é alleo o propio Concello de Donosti, que por medio dos seus servizos municipais de turismo incluíu desde o ano 2008 ás tripulacións femininas na organización das regatas, dando así un salto enorme á hora de promocionar esta modalidade deportiva tamén entre as mulleres e saldar unha débeda que existía co deporte feminino.

4º.- O Concello de Oleiros ten un especial interese en que o Club de Regatas de Perillo participe coa súa traíña feminina nas probas previas de clasificación para a regata da Concha, en canto:

4.1. A participación, servirá para a promoción dun deporte autóctono como é o remo tradicional, de práctica maioritaria masculina entre a mocidade oleirense, pero que comenza a abrirse paso tamén a participación de mulleres, moi meritosa e de gran importancia para o deporte feminino en xeral. Neste sentido o Concello quere apostar e apoiar, desde un criterio de discriminación positiva, a práctica do deporte e a actividade física en mulleres.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

No caso que nos ocupa, debemos dicir ademais que esta é a única traíñeira feminina de Oleiros, sendo o 85% das remeiras canteiráns, moi por riba da maioría dos clubs galegos que contan actualmente con traíñeira feminina.

O grupo de mulleres ao que nos referimos, que ademais de remeiras totalmente "amateurs", moitas delas traballadoras e nais de familia, teñen un enorme mérito só polo feito de terse clasificado en Galicia para asistir a estas probas previas e estar en disposición de asistir a competir contra as mellores traíñas femininas do estado.

4.2.-Despois do esforzo que supón a práctica dun deporte de tanta dureza como o remo, o feito de poder participar nun evento selectivo de altísimo nivel merece a colaboración do Concello.

Polo exposto e tendo en conta os motivos de carácter social que xustifican a concesión desta axuda, á Xunta de Goberno Local:

PROPONSE:

1.- Conceder ao CLUB DE REGATAS DE PERILLO, con C.I.F. G-15064181, con enderezo en Avda. das Américas, 33 – 15172 Perillo (Oleiros), a cantidade de **600 euros** (seiscientos euros) en concepto de axuda para afrontar os gastos que en concepto de participación da traíña feminina na regata clasificatoria de Bandeira Da Concha, con cargo á aplicación orzamentaria 81.341.48901 "Deportes. Prom. e fom. Outras transf. a entidades sen fin de lucro".

2.- Requerir á entidade interesada para que no prazo de dez días naturais, contados a partir da notificación deste acordo, presente certificado expedido polo Secretario da mesma ou persoa a quen corresponda a facultade, acreditativo do acordo adoptado pola Xunta Directiva polo que se acepta a subvención concedida.

3.- Declarar que o importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

4.- Unha vez outorgada a subvención poderase anticipar o pagamento do 60 por cento da mesma, a solicitude da entidade beneficiaria.

O resto da axuda, é dicir, o 40 por cento restante, abonarase logo da xustificación polo beneficiario do gasto realizado, segundo se recolle no apartado 6.- do presente acordo.

5.- O prazo de xustificación da axuda será de dous meses contados a partir do día da celebración da proba.

A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

- ✓ Recibos orixinais ou copias compulsadas xustificativas dos gastos realizados e o xustificante de telos aboados.
- ✓ Memoria xustificativa da realización da actividade.
- ✓ Declaración doutras axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.
- ✓ Declaración acreditativa de estar ao corrente nas obrigas fiscais co Concello de Oleiros e de non ser debedor a este por calquera concepto non tributario, e que autoriza ao Concello de Oleiros a comprobar este extremo de oficio.
- ✓ Declaración acreditativa de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que autoriza ao Concello de Oleiros para solicitar de oficio as consultas de atoparse ao día nas mesmas.
- ✓ Declaración do/a Presidente/a da entidade de someterse ás actuacións de comprobación e achega de documentación que o Concello de Oleiros poida acordar para comprobar que a actuación á que se adica a subvención, se corresponde coa súa finalidade.
- ✓ Acreditación da publicidade feita.- As entidades que teñan páxina web deberán publicitar na mesma a concesión da subvención, conceptos e importe no momento que o coñezan.

En caso de que non se utilicen medios informáticos para publicitar a subvención, deberá fixarse no local social, por un período mínimo dun mes, un anuncio onde conste a concesión da subvención, conceptos e importe. O



**CONCELLO DE
OLEIROS**

xeito de acreditar o cumprimento da obriga, neste caso, será mediante unha certificación do Secretario da entidade, co visto e prace do presidente, na que conste que o anuncio estivo exposto e o período de exposición, acompañada dunha fotografía do anuncio realizado.

6.- O réxime de concesión, xestión, xustificación, control financeiro, infraccións e sancións desta subvención axustarase ao regulado na normativa estatal e autonómica sobre subvencións públicas, así como o regulado ao respecto nas bases de execución do orzamento.

7.- Notificar o contido do presente acordo ao Club de Regatas de Perillo e comunícalo aos departamentos de Intervención e Contabilidade aos efectos oportunos.”

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 4 de setembro de 2018.-

Vº e Prace

O alcalde,

Angel García Seoane



